

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL:

A proba estará composta polos seguintes apartados:

1. Lectura rítmica. Exercicios nas claves de sol e fa en 4a, que incluírá as dificultades propias do 3º curso de Grao Elemental.
2. Entoación. Exercicios en tonalidades maiores e menores ata dúas alteracións, que incluírá as dificultades propias do 3º curso de Grao Elemental. Ditos exercicios realizaranse con acompañamento pianístico. Ao alumno/a se lle tocará o acorde de tónica e a escala antes da súa realización e apoiarse durante a realización.
3. Ditado. Con armadura de ata dúas alteracións, que incluírá as dificultades rítmico-melódicas propias do 3º curso de Grao Elemental.
4. Teoría. Realización de exercicios de teoría cos contidos do curso 3º G.E.

Criterios de avaliación

1. Ler fragmentos rítmicos nas clave de sol e de fa en 4ª, nun tempo establecido, mantendo o pulso, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente as melodías propostas, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
4. Realizar con corrección os exercicios teórico- prácticos sobre os elementos rítmicos, melódicos, expresivos e formais solicitados.

1

Criterios de cualificación e promoción

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal. A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

Lectura rítmica 40%

Entoación 20 %

Ditado 20%

Teoría 20%

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

PROBA DE CLARINETE

A proba consistirá no seguinte:

- Interpretación, no instrumento, de dos obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte, e unha obra ou fragmento a 1ª vista proporcionado polo tribunal. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para supéralo.

Contidos

- Interpretar as obras cunha posición corporal axeitada.
- Interpretar as obras cunha calidade do son.
- Interpretar as obras coa correcta medida e fraseo.
- Interpretar o repertorio coa soltura técnica requerida para cada obra.
- Interpretar de acordo coas diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental.
- Acadar na interpretación fidelidade nos matices dinámicos, agónicos e articulación que esixa a obra.
- Amosar a capacidade memorística na interpretación.
- Acadar unha boa ensamblaxe co instrumento acompañante na execución das obras.

Listado orientativo de obras

Enjoy Playing.....	R. Bonetti
26 Etudes Elementaires.....	J. Lancelot
Método Completo para Clarinete (páx.15 ata 18).....	A. Romero
La Clarinette Classique (vol. A).....	J. Lancelot et Classens
The Joy of Clarinet.....	Yorktown Music Press
Pezas clásicas para clarinete e piano (vol.1).....	J. Lancelot e A. Patrick
Easy Gershwin for Clarinet.....	J. Davies e P. Harris
ABC du jeune clarinettiste (vol.2).....	G. Dangain
Exercicios de mecanismo.....	H. Klosé
Escuchar, leer y tocar (vol.2 e 3).....	J. Kastelein e M. Oldenkamp

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

Divertimento n.1.....W. A. Mozart
 Vieille Chanson.....R. Clérisse
 Adagio.....T. Albinoni

Crterios de avaliación e cualificación

A táboa de cotexo utilizada para rexistrar as cualificacións das probas será a seguinte:

Texto (Dificultade da obra e Fidelidade á partitura)	10,00%
Ritmo (Precisión, Exactitude rítmica e Tempo)	20,00%
Musicalidade (Estilo, Expresión, Fraseo, Carácter e Posta en escena)	30,00%
Técnica (Articulación, Son, Posición corporal, Dixitación, Afinación e Respiración)	40,00%

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.